

Xestionado por [Vieiros](#)

'MALES DE CABEZA'

## En Polonia escriben teses en galego sobre Fran Alonso

Joanna Włodarczyk, tradutora do libro ao polaco, defendeu Universidade de Varsovia un traballo sobre a lingua empregada polo autor.

Redacción - 10:45 19/07/2009

Trátase da primeira tese de licenciatura en galego que se presenta en Polonia. A súa autora, Joanna Włodarczyk, foi a tradutora de [Males de Cabeza](#) (Xerais 2001) ao polaco, e agora vén de defender a súa tese de doutoramento sobre a obra de [Fran Alonso](#). Włodarczyk leu o seu *'Vocabulario cosmofrán: referencias e autoreferencias na obra de Fran Alonso e as súas implicacións na tradución ao polaco de Males de cabeza'* na titulación de Estudos Culturais (especialidade de Estudos Ibéricos) na Facultade de Linguas Modernas da Universidade de Varsovia o pasado día 18 de maio, baixo a dirección do doutor Gerardo Beltrán.

Joanna Włodarczyk tamén traduciu ao polaco un relato de Cartas de amor (*"To, o co nigdy nie pytałeś"*), de Alonso. Así mesmo, Karolina Franaszczuk publicou recentemente na revista polaca *Policromia* o artigo *Thumaczac Frana Alonso* ("Traducir a Fran Alonso").

["A automoción e a banca reciben moitas máis axudas públicas cá cultura"](#) (Entrevista en Vieiros 15-12-2008)